

# BASILISA Fiestras

**Marco, elemento e soporte.  
Regras para un parque humano**

O corpo e a indumentaria como elemento, materia e concepto na obra.

**Museo Provincial de Lugo / Museo Provincial do Mar**  
Orde de visita recomendada no MPLugo: (1) Basilisa Fiestras  
(2) Ana DMatos (3) Luz Darriba (4) Mery Pais  
(5) Carmen Porteiro (6) Mónica Alonso (7) Basilisa Fiestras



**EU... TI...  
ELAS...  
NOSOUTRAS  
NOSOUTRXS  
EN REDE**



EU estou **TI** estás **ELAS** están **NOSOUTRAS** estamos **NÓS+OUTRXS** estamxs EN REDE para conquistar, na diversidade, a plena igualdade. Estamxs, somxs, facemxs, existimxs... As formas verbais non expresan xéneros.

Os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo reclaman a vosa atención para con esta ducia de proxectos, dispares na forma, unívocos no fondo, solidarios coa desigualdade. Voces, xestos, memorias e imaxes que pretender provocar reflexións e chamadas de atención sobre o EU subordinado. Ollo! Un EU que podes ser **TI**, **ELAS**, **NOSOUTRAS**, **NÓS+OUTRXS**.

**Comisariado: Encarna Lago e Antonio Reigosa**

---

Os tres temas que seguín nestes últimos anos, tanto no meu traballo plástico como na miña investigación foron; o **corpo** como punto de partida e espazo de reflexión e conflito; a **indumentaria** como segunda pel que altera, modifica e transforma este “soporte” e o **accesorio** como complemento destes dous últimos e como obxecto “portable”.

Desde esta mirada fraccionada, así como tamén desde o interese polas sutís alteracións que produce o artificio tanto da vestimenta como dos accesorios sobre o corpo, xorde unha especial inclinación por xerar estes encontros e desencontros enmascarados na creación artística.

---



---

**Contacto**  
[bfiestras@gmail.com](mailto:bfiestras@gmail.com)  
645550269

---